

## Galicia a fins do séc. XX e comezos do séc. XXI

### Panorámica xeral de finais do séc. XX e comezos do séc. XXI

As relacións internacionais mudaron de forma evidente no último terzo do século XX. O remate da guerra fría e a apertura dos países do leste, a partir da caída do muro de Berlín en 1989, cambiaron as conexións comerciais e políticas. O sistema capitalista e consumista estendeuse e as novas tecnoloxías da información e da comunicación uniron o mundo nunha única rede que o converteu no que se deu en chamar aldea global.

Este proceso de globalización tende a occidentalizar e a uniformizar outras culturas. Polo tanto, existe o risco de perda de elementos autóctonos se estes non están suficientemente protexidos, como pode chegar a ocorrer no caso das linguas.

Desde a morte de Mao en 1976 China abre un proceso de transformación que fixo posíbel converter o país nunha potencia económica mundial aproveitando a súa man de obra moi barata. A súa influencia hoxe non mundo é enorme.

En África, moitos países seguen empobrecidos sen poder favorecerse da súa riqueza natural inmersos en guerras. África do Sur, na década de 1990, derroga o apartheid e Nelson Mandela, que pasara 27 anos en prisión, foi proclamado presidente.

En Suramérica, a inestabilidade política e a pobreza pesa nas condicións de vida dos seus habitantes á hora de progresar e nas últimas décadas produciuse unha emigración masiva cara a Norteamérica e Europa.

As relacións de EUA coa URSS prosperaron a partir de 1987 grazas á perestroika e progresouse no desarmamento nuclear e na colaboración bilateral. Este feito puido favorecer a paz mundial pero xorde a ameaza do terrorismo islámico, visíbel mundialmente tras atentados como o do 11 de setembro de 2001 contra as Torres Xemelgas en Nova York e o do 11 de marzo de 2004 en Madrid, os dous con resultados devastadores.

Os países da Unión Europea contan cunha moeda única desde 2002 e axúdanse mutuamente con fondos sociais para paliar as eivas e contribuír ao desenvolvemento dos países membros.

No último terzo do século XX e nos comezos do XXI Galicia modernizouse con grandes infraestruturas, como as autovías que a unen coa meseta e co norte de España. Autovía do Noroeste no porto de Pedrafita.

Despois do repaso dos últimos corenta anos, conséntase que o mundo segue a ter materias pendentes:

- acabar coas diferenzas económicas e sociais entre o Primeiro e o Terceiro Mundo.
- preservar o medio natural e fomentar un desenvolvemento sustentable.
- diminuír a presión globalizadora e uniformizadora sobre a economía, a diversidade cultural e lingüística, etc.
- conseguir que se respecten os dereitos humanos e traballar con diálogo a prol da paz mundial.

Polo que se refire ao contexto histórico interior, despois da morte de Franco en 1975, comezou a transición democrática. Os partidos políticos que ata entón eran clandestinos foron legalizados e entre todos redactaron a actual Constitución Española, aprobada en 1978. Esta considera Galicia, Euskadi e Cataluña nacionalidades históricas por contaren cun Estatuto plebiscitado antes do comezo da Guerra Civil en 1936. Polo tanto, recoñece a realidade plurinacional e plurilingüística de España, o que permitirá a partir dese momento certas cotas de autogoberno e descentralización. Deste xeito, vaise configurando o chamado Estado das Autonomías.

En 1980 foi aprobado en referendo o Estatuto de Autonomía de Galicia e en 1981 contitúíronse o primeiro Parlamento Galego e a Xunta de Galicia, na que se foron sucedendo distintos gobernos e presidentes ata chegar á actualidade: Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijoo.

Na Galicia autonómica percíbese unha mellora en todos os eidos: a sanidade, as infraestruturas, a cultura... De feito, é aprobada polo Parlamento o 11 de xullo de 1984 a Lei de creación da CRTVG. Nacen os primeiros medios radiofónico e audiovisual en galego para todo o territorio: a Radio Galega e a Televisión de Galicia.

En 1986 produciuse a integración na Comunidade Económica Europea (CEE), na actualidade denominada Unión Europea. Galicia sofre unha serie de adaptacións no seu tecido laboral, fundamentalmente nos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro. Os cartos que proveñen dos fondos europeos supoñen unha axuda, mais tamén implican a transformación e a modernización do sistema industrial, o establecemento de cotas lácteas, as adaptacións do sector pesqueiro, etc. Asemade, increméntanse os traballadores do sector terciario.

En canto aos fluxos de poboación, os habitantes do medio rural tenden a abandonalo partindo cara ás vilas e cidades. Esta desruralización acelera o proceso de perda de falantes de galego.

Ao mesmo tempo, Galicia convértese en receptora de inmigrantes africanos, suramericanos, dos países do leste, etc. A inmigración pode contribuír a contrarrestar o avellentamento sufrido pola poboación galega nas últimas décadas, causado pola baixa taxa de natalidade, que limita os nacementos, e pola mellora das condicións de vida (alimentación, sanidade) que prolonga a esperanza de vida.

Na actualidade, Galicia vive inmersa na aldea global con todo o que iso comporta de vantaxes e inconvenientes. A sociedade galega na súa gran maioría está instalada na modernidade. A maior parte da poboación goza dos beneficios das novas tecnoloxías e o uso da Internet e da telefonía celular está xeneralizado. Mais este acceso á información global non debe influír ata o punto de absorber a cultura e a lingua propias de Galicia.

## A poesía de fins do séc. XX e comezos do séc. XXI

### O panorama literario de fins do séc. XX e comezos do séc. XXI

O último terzo do século XX e os principios do século XXI caracterízanse por unha verdadeira eclosión poética e por unha evolución do xénero que desemboca na decadencia do socialrealismo anterior e na diversificación temática e formal.

A finais da década de 1960 e a principios de 1970, un grupo de poetas chamados «os Novísimos» continúan cultivando a principal liña temática da etapa precedente: o socialrealismo.

Cómpre chegar a 1976 para que obras como *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, e *Mesteres*, de Arcadio López-Casanova comecen a explorar novas vías formais e o discurso poético se abra a contidos de carácter intimista, existencial e cultural.

Será a partir da década de 1980 cando se consolide esta tendencia rexida polo culturalismo, pola preocupación polos aspectos formais e pola apertura temática.

Posteriormente, na década de 1990 agroman novas voces guiadas por unha actitude crítica fronte á etapa previa, que fan uso dunha linguaxe máis natural, caracterizada pola riqueza de variedades dialectais, diastráticas e diafásicas. En canto aos temas, afóndase nesta década nas orientacións feministas, de cuestionamento da hexemonía de determinadas correntes ideolóxicas dominantes na sociedade occidental e de revisión ilimitada do papel da poesía no mundo contemporáneo.

## Precedentes: «os Novísimos»

A poesía anterior a 1976 centrábase no reclamo da normalización da lingua e na conquista de ámbitos de uso, e poderíase relacionar coa «canción protesta» desenvolvida durante a época franquista.

Nestes anos, compre mencionar dous aspectos básicos que constitúen antecedentes claros da produción poética posterior:

- O maxisterio dos máis vellos: algúns autores de xeracións anteriores funcionaron como verdadeiros mestres para os máis novos. É doado comprobar a influencia do verso directo e claro de Celso Emilio ou o papel de precursor do culturalismo que xogou Ferrín. Tamén se recolle a herdanza doutras voces como as de Uxío Novoneyra, Manuel María, Bernardino Graña, etc.
- A decadencia da poesía socialrealista: a crise do socialrealismo comezou na década de 1970 e reflíctese na antoloxía de M.a Victoria Moreno Os novísimos da poesía galega (1973). Esta obra dá nome a un grupo de poetas aínda preocupados pola denuncia e a reivindicación, que loitan a prol da lingua, das liberdades individuais e colectivas e da visión de Galicia como nación. Estes autores denominados «Novísimos» introducen paulatinamente o afondamento no intimismo e na procura de novas calidades formais. Forman parte deste grupo Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez, Fiz Vergara Vilariño, Xavier Rodríguez Barrio e outros como Xosé Lois García, Margarita Ledo, Alfredo Conde, Millán Picouto, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes.

## O cambio de rumbo de 1976

O ano 1976 constitúe un fito histórico na literatura galega debido á publicación de *Con pólvora e magnolias* de Ferrín e de *Mesteres* de A. López-Casanova. Tamén se abre unha nova etapa política co remate da ditadura e a chegada da democracia. A partir de aquí aténdese máis aos recursos formais e á dimensión estética do poema fronte ao prosaísmo e á ética dominante no socialrealismo. Preséntanse temas novos de carácter intimista, existencial, metafísico, mitolóxico e cultural e aparecen referencias a personaxes, obras e linguas estranxeiras coas conseguíntes influencias foráneas.

Os autores deste novo período reúnen en colectivos coa finalidade de ser máis efectivos na loita antifranquista nesa época de transición e polo afán de darse a coñecer dunha maneira máis eficaz apoiándose entre si.

Ademais, compre salientar o papel desempeñado por unha serie de publicacións periódicas que constituíron unha vía de difusión para unha produción lírica que estaba a alcanzar unhas dimensións descoñecidas en anos anteriores.

### 3.1 Os colectivos

Os colectivos de poetas de maior relevancia son «Grupo de Comunicación Poética Rompente», «Cravo Fondo», e os aglutinados nos libros conxuntos *Alén* e *De amor e desamor*.

- *Rompente* xurdiu en Vigo en 1975 e durou ata 1983. A súa primeira obra colectiva é de 1976 e titúlase *Crebar as liras*. O grupo estaba formado por Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel María Romón e Camilo Valdeorras; contaron tamén coa colaboración, nun principio, de Alfonso Pexegueiro.

O colectivo caracterizouse pola súa ousadía e polas súas propostas innovadoras. No ano 1978 publicaron *Silabario da turbina*, unha obra conxunta cun deseño pouco convencional dominado por técnicas doutras artes como a colaxe. Outro dos seus libros foi *A dama que fala* (1983).

- *Cravo Fondo* creouse en 1976 en Santiago e aglutinaba sete poetas, case todos lugueses: Xesús Rábade Paredes, Fiz Vergara Vilariño, Xavier Rodríguez Barrio, os irmáns Xulio e Xesús Valcárcel,

Helena Villar e un autor máis novo, Ramiro Fonte. Publicaron únicamente un libro colectivo co mesmo nome ca o grupo e un manifesto programático. Expoñen a súa vontade nacionalista e antielitista, pero non negan a dimensión social da poesía, polo que mesmo foron cualificados como forma epigonal do socialrealismo.

- Alén deuse a coñecer en 1977 cun libro conxunto do mesmo nome. Os seus integrantes eran Miguel Anxo Mato Fondo, Xosé Ramón Pena e Francisco Salinas Portugal. Tratábase dunha xuntanza de compañeiros unidos por coincidir nas aulas compostelás e compartir as mesmas preocupacións literarias e xuvenís.
- De amor e desamor foi un grupo vinculado coa Coruña que publicou dous libros conxuntos con este título. Formaron parte del Lino Braxe, Xosé Devesa, Fernán-Vello, Mato Fondo, Pilar Pallarás, Lois Pereiro, Salinas, M. Rivas, Xavier Seoane e Xulio L. Valcárcel.

### 3.2 As revistas

O agromar dun considerable número de publicacións serve de introdución á poesía da etapa posterior, xa que poetas anteriores a 1976 compartiron páxinas cos dos oitenta e dos noventa. As de maior transcendencia foron Coordenadas, Dorna e a madrileña Loia. Outras publicacións relevantes son Festa da Palabra Silenciada, fundada por M.a Xosé Queizán, de carácter feminista, e Luzes de Galiza, dirixida por Manuel Rivas.»

#### A poesía dos oitenta

Esta denominación refírese aos escritores que comezan a publicar cara a principios desta década e comparten uns trazos que os enfrontan aos poetas do decenio seguinte.

### 4.1 Liñas temáticas

Este grupo de escritores rexeita a estética socialrealista do discurso anterior e presenta estas características comúns:

- O culturalismo, a presenza nos textos de referencias culturais. O que mellor reflicte esta tendencia é o exercicio da intertextualidade, pois para as composicións tómanse elementos das literaturas portuguesa, española, hispanoamericana e universal, desde os clásicos grecolatinos ata a época contemporánea.

Tamén se bota man doutras ciencias e artes como a filosofía, a mitoloxía, a música, as artes plásticas, etc. Un aspecto fundamental é a atención que recibiron o cine, a banda deseñada, os medios de comunicación de masas...

- A preocupación formalista, reflectida na especial atención á lingua en busca dun código moi elaborado e de gran corrección. Volveuse, en parte, aos metros clásicos -soneto, lira, tercetos encadeados- e procurouse a creación dun poema concibido como unidade coherente.
- A apertura temática, que consistiu no cultivo de novos temas ou no feito de tratar os anteriores dun xeito anovado. Destacan:
  - os temas intimistas: o amor, o paso do tempo, a nostalxia, a morte, a soidade e o desencanto;
  - o medio, que se traduce en distintos espazos: na turáis, urbanos, interiores e íntimos;
  - os temas culturalistas, xa mencionados;
  - os temas sociais, con novas formas e asuntos, entre os que destaca a preocupación por Galicia, polas inxustizas no terreo laboral, polos textos épicos e por contidos políticos como o nacionalismo, o marxismo, o anarquismo e o atlantismo revolucionario;

- a reflexión metaliteraria, que deixou a súa pegada nas poéticas e autopoéticas que publicaron algúns destes autores.

## 4.2 Clasificación dos autores segundo as liñas poéticas

Expostos os principais temas da lírica desta década, sería posible agrupar estes poetas en cinco tendencias que conviviron, incluso no mesmo escritor: o culturalismo, a poesía do cotián, a experimentación, a poesía da muller e os que transitaron camiños senlleiros.

### O culturalismo

Baixo esta denominación cabe incluír autores como M. Forcadela, E. Lorenzo Baleirón, R. Fonte, M. A. Fernán-Vello, X. M.a Álvarez Cáccamo e X. Rodríguez Baixeras.

• Manuel Forcadela naceu en Forcadela, no concello de Tomiño, no ano 1958. É narrador, ensaísta e tradutor, e un dos escritores que mellor exemplifican a liña culturalista e esteticista. O seu primeiro libro, *Ferida acústica de río* (1981), está dominado pola intertextualidade, con referencias a escritores doutras épocas como Ovidio, Homero, Petrarca e Pessoa, e no que a música é un elemento relevante.

Adhírense a esta tendencia outros títulos seus, como *O regreso das ninfas* (1985), *O varredor en outono* (1987), *Nausícaa* (1992) e *Profecía* (1992). Máis recentemente publicou *Morte do fadista* (2000), *Refutación da musa* (2001) e *Música de cinza* (2008).

• Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, 1962-1986) foi un dos autores máis representativos da nova corrente literaria que se iniciou cara a 1980.

A súa voz poética é eminentemente culturalista e esteticista. Os dous libros seus publicados en vida foron *O corpo e as sombras* e *Os días olvidados*, ambos de 1985. Postumamente, publicouse *A morte presentida* (1988), libro que insiste nas referencias culturais e que se fixo sobre un proxecto seu titulado *Gramática do silencio*. En *Obra poética* apareceu a compilación de boa parte da poesía do autor.

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-Barcelona, 2008) formou parte do colectivo *Cravo Fondo* e tamén cultivou a tendencia culturalista con gran rigor formal. Ao seu primeiro libro, *As cidades da nada* (1983), seguirono *Designium* (1984), *Pensar na tempestade* (1986) -no que se introduce a narratividade como novo elemento na súa obra-, *Pasa un segredo* (1988), *Adeus Norte* (1991), *Mínima moralidade* (1998), ademais dalgúns opúsculos.

As súas derradeiras obras son *Reversos* e *Xardín do pasatempo*, publicadas no ano 2008.

No seu discurso lírico reflexiona sobre o paso do tempo e a nostalxia, e evoca os espazos íntimos con abundancia de símbolos, como se observa neste poema de *Luz do mediodía* (1995):

Luces do mediodía  
O mediodía escribe  
as mellores palabras sobre a noite;  
No seu xardín a flor  
amígase coa estrela insubornable.  
Nas copas en que xuntos afogamos  
as augas moribundas doutras lúas,  
xa estaba a luz  
serena para sempre, presentida.  
Aqueles ollos meus  
que nunca se cansaron de mirarte.

Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958) é un escritor polifacético que fixo incursións nos eidos do ensaio, da narrativa e da dramática. Crea un discurso poético embargado polo erotismo e o sentimento telúrico. Fálase dunha triloxía composta por *Do desexo en corpo e sombra* (1983), *Seivas de amor e tránsito* (1984) e *Memorial de brancura* (1984). A unidade destes tres libros vén dada polo tema amoroso e pola reflexión sobre a beleza e o paso do tempo. Outros poemarios seus son *Livro das paisaxes vivas* (1985), *Poemas da lenta nudez* (1994), *As certezas do clima* (1996) e *Dicionario do estremecemento* (2008).

A súa obra caracterízase formalmente pola busca da beleza na expresión e polo ritmo musical do verso.

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) combina na súa obra poética dúas liñas diferenciadas: a intimista e a social. Dentro da primeira percíbense dous eixes: o amor e o cosmos. Os escenarios preséntanse dominados polo paso do tempo e o seu efecto sobre o ser humano. Cáccamo é autor dunha ampla obra que abrangue, entre outros, os libros de poemas Praia das fumas (1983), Os documentos da sombra (1986), Calendario perpetuo (1997), Os cadernos da ira (1999) e Vento de sal (2008).

- Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) caracterízase polo emprego de estrofas clásicas e pola importancia da memoria nas súas composicións, o que lle confire á súa obra orixinalidade e, ao mesmo tempo, unidade. Escribiu Fentos no mar (1981), Anos de viaxe (Poesía 1981-1987), Beira norte (1996), O pan da tarde (2006), etc.

Outros autores que se insiren nesta tendencia son Román Raña, Paulino Vázquez, Xulio López Valcárcel, Xavier Seoane, Xesús López Valcárcel, Anxo Quintela, Lino Braxe, etc.

### A poesía do cotián

Os autores pertencentes a esta liña temática poetizaron aspectos do cotián e reflectiron dun xeito intimista consideracións autobiográficas, aínda que non abandonaron por iso certa reflexión social. Singularízanse, ademais, por unha linguaxe máis directa e pola menor preocupación polos aspectos meramente formais. O máis representativo é Manuel Rivas.

- Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é un dos escritores máis prolíficos e polifacéticos da década dos oitenta. Cultiva tamén o ensaio xornalístico e a narrativa e afástase do culturalismo, co emprego dun discurso sinxelo e dunha linguaxe directa.

O seu primeiro poemario foi Libro do Entroido (1979) e a este seguiron Balada nas praias do oeste (1985), Mohicania (1986), Ningún cisne (1989), Costa da Morte blues (1994), Do descoñecido ao descoñecido (2003), entre outros.

A súa poesía caracterízase polos motivos da vida cotián, a atención aos conflitos entre persoas e o retrato de espazos fronteirizos entre o rural e o urbano.

Outros escritores que plasman nos seus poemas as súas experiencias son Antón L. Dobao, Lois Pereiro e Luísa Castro. Ademais, compre lembrar que algúns dos poetas da liña culturalista evolucionaron cos anos cara a esta tendencia do cotián.

### A experimentación

Aínda que a estética dominante nesta década estea rexida polo academicismo e o coidado nos aspectos formais, existe tamén unha liña enraizada nos 70 (Grupo Rompente), na que se procura a experimentación á hora da creación poética.

- Manuel Vilanova (Punxín, 1944) foi un dos protagonistas do cambio de rumbo da poesía galega. Practica o culturalismo e a intertextualidade, pero xogando coa experimentación, ademais de crear universos mitolóxicos nas súas obras de carácter vangardista e rupturista. Escribiu E direi-vos eu do mister das cobras (1980), A lenda das árbores de prata (1985), A esmeralda branca (2006), etc.

- Vicente Araguas (Narón, 1950) é crítico, ensaísta e tradutor; foi tamén cofundador do grupo de canción protesta Voces Ceibes. Algunhas das súas obras son Paisaxe de Glasgow (1978), Caleidoscopio (1988) e Maneiras de querer (2005), unha compilación de composicións xa editadas xunto con outras inéditas.

Outros escritores inseridos nesta corrente son Alfonso Pexegueiro e Miguel Sande.

## A poesía da muller

Na década de 1980 as mulleres incorporáronse de forma definitiva e consolidada ao panorama da lírica en galego.

A súa poética distingüese polo rexeitamento do androcentrismo e por un intimismo caracteristicamente feminino.

Só se i que aquí me tes, a ti ofrecida,  
sen culpa deste amor que caíu sobre min  
non sei se como pedra ou lóstrego ou  
fervenza.

- Pilar Pallarés (Culleredo, 1957) afasta o xogo culturalista dunha poesía na que predomina o sentimento amoroso ligado ao sufrimento e mesmo á morte. Escribiu *Entre lusco e fusco* (1980), *Sétima soidade* (1984), *Livro das devoracións* (1996), etc. De *Sétima soidade* extraemos estes versos:

- Ana Romaní (Noia, 1962) desenvolve unha poética intimista na que están presentes a natureza -fundamentalmente o mar-, o amor e a nostalxia polo paso do tempo. Publicou *Palabra de mar* (1987), *Das últimas mareas* (1994), *Arden* (1998), etc.

- Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) escribiu unha obra rupturista, próxima ao surrealismo. Nalgúns libros de poemas combina o texto e a imaxe e trata temas pouco habituais como o embarazo e a maternidade. Escribiu *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1990), *Darío a diario* (1996) e *Intempériome* (2003).

## Camiños senlleiros

Neste grupo heteroxéneo insírense aqueles poetas con obras de particular orixinalidade ou cunha produción dispar na que se mesturan todas as tendencias expostas previamente.

- Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) é autor dunha relevante obra crítica e investigadora centrada nas literaturas galega e na castelá. A súa produción lírica presta especial atención ao eido da poesía erótica. Publicou *Poemas de amor sen morte* (1979), *Tigres de ternura* (1982), *Cinemoemas* (1983), *Vulva* (1991), *Extrema Europa* (1996), *A loita continúa* (2004), *Viaxes a ti* (2006) e *Amóte vermella* (2009).

- Cesáreo Sánchez Iglesias (O Carballiño, 1951), ensaísta e xornalista, como poeta creou unha obra singular e de grande unidade que se caracteriza pola natureza espida do verso e pola súa aparente sinxeleza. É habitual clasificar os seus libros de poemas en ciclos: a escrita do silencio, a escrita da auga e a escrita da luz.

Outros poetas incluídos neste apartado poden ser Luís González Tosar, Luís Rei Núñez e Miguelanxo Murado.

## A poesía dos noventa

Xa década de 1990 a produción de poesía supón o 40% dos libros publicados en Galicia, os autores noveis superan o centenar e compre non esquecer que poetas doutras xeracións continúan cultivando este xénero. Os novos poetas necesitaron entón, para facerse cun espazo no panorama poético do momento, agruparse en colectivos como *Serán Vencello* (Santiago de Compostela), *Dolmen* (Ourense), *Batallón Literario da Costa da Morte*, colectivo *Ronseltz*, *Humilladoiro*... e crear iniciativas editoriais como a de *Letras da Cal* para posibilitar a publicación de obras de autores case sempre inéditos.

### 5. O tratamento da lingua na poesía dos noventa

As correntes poéticas emerxentes nesta década rompen coa medida, co equilibrio e coa procura da beleza formal para potenciar a creación de textos «desaliñados» que se distinguen polo seu instinto vital, o seu desequilibrio ou a súa exuberancia. Isto conséguese optando pola vía da linguaxe prosaica e

familiar ou pola do fragmentarismo na organización sintáctica e estrutural do poema.

Insírense nas composicións voces diversas, formas de diferentes variedades dialectais, diastráticas e diafásicas ou mesmo elabórase un discurso poético baseado nunha forma ilóxica do dicir.

## 5.2 Os predecesores e os niveladores cos oitenta

Ademais do maxisterio de autores como Ferrín e Xohana Torres e do labor dinamizador de Ana Romaní e Claudio Rodríguez Fer, poetas como Luisa Castro, Antón Lopo e Lois Pereiro son precedentes da poesía dos noventa. As súas composicións transgresoras e provocativas, que reflicten unha realidade núa, en ocasións cruenta, son precursoras da lírica desta etapa.

Por outra banda, xunto ás correntes innovadoras conviven outros autores ocupados en continuar desenvolvendo a atención aos aspectos formais, mais puíndo os seus excesos e comezando a incluír motivos máis propios da década de 1990. Entre eles destacan Martín Veiga, Luisa Villalta, Arturo Casas e os seguintes:

Miro Villar (Cee, 1966) creou unha obra na que mediante metros clásicos trata motivos contemporáneos. Destacan os seus libros Ausencias pretéritas (1992) -no que se evocan diferentes estadios dunha relación amorosa que non se desexa rematar-, 42 décimas de febre (1994) -cun ton máis lúdico-, Equinoccio de primavera (1998) -obra dividida en cadernos-, Mar de rostros (2002) e Degameleiros (2002).

- Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) escribiu Fábrica íntima (1991), A torre da derrotA (1992) -de construción palindrómica como se observa no propio título- e Cartografía básica (2002).

## 5.3 Liñas temáticas da poesía dos noventa

É posible agrupar os poetas nesta década tendo en conta a súa postura con respecto á linguaxe, a ferramenta que empregan para crear a súa obra. Deste xeito, polas características da lingua utilizada distínguense tres grupos: o discurso natural, o discurso libertario e o discurso hermético.

### O discurso natural

Os poetas que cultivan este emprego da linguaxe mergúllanse no mundo cotián e mesmo degradado e botan man de rexistros conversacionais. A súa poesía é intelixible e emotiva, pois a linguaxe empregada é directa, coa finalidade de atraer o lector e implicallo no poema. Pódense incluír aquí escritores de xeracións precedentes, como Ana Romaní, e outros como Emma Couceiro, Fran Alonso, Estevo Creus e Rafa Villar.

- Rafa Villar (Cee, 1968) insiste en tratar na súa obra os temas do erotismo, a reflexión temporal e a preocupación política, todo isto mesturado cunha recorrente figuración marítima e unha linguaxe intensamente simbólica. Cabe salientar os libros Liques de memoria (1992), A sotavento dunha singradura (1995), Casa ou sombra (1997), Illa dentro (1998) e Migracións (2008).

### O discurso libertario

Nesta modalidade pónense en evidencia os prexuízos e implicacións da linguaxe recibida. Esta é un instrumento de poder, de dominio; deste xeito, ao contrariar os canons e clixés establecidos, a lingua pode converterse tamén nunha forza emancipatoria e nunha forma de resistencia. Poden incluírse neste grupo poetas de tendencias anteriores como María Xosé Queizán e tamén Lupe Gómez, Olga Novo, o colectivo Ronseltz e Yolanda Castaño.

O poema é unha pedrada na cabeza

Por iso lles recomendamos aos lectores que usen casco.



- O colectivo Ronseltz, constituído por un grupo de mozos entre os que figuran Xoán C. Rodríguez, Sérxio Iglesias, Miguel A. Montes, Xavier Cordal e Manuel Cortés, realiza unha revisión dos modelos dominantes na literatura galega evitando os estereotipos pola vía do humor e a parodia, como se pode comprobar neste fragmento:  
Faltamos a clase. Cómo me buceas.  
Faime o que sabes que me gusta que me fagas.  
Cociñándome a túa hipérbole a un fago moi lento.

- Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) publicou *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998), *Profundidade de campo* (2007), etc. Na súa obra percíbese unha evolución desde a experiencia adolescente e as vivencias eróticas ata a denuncia do consumismo e a reflexión sobre a beleza física, as aparencias e as súas consecuencias. Véxase o seguinte fragmento de *Vivimos no ciclo das erofonías* (1998):

#### O discurso hermético

A caracterización de hermético non reviste ningunha connotación negativa, pois alude simplemente á difícil intelixibilidade deste tipo de poesía. Isto é debido ao seu extremado cultismo, ao seu carácter denso e auto-rreflexivo, á ausencia de orde tóxica das secuencias, ao desvío da norma e á polisemia. É posible inserir nesta corrente a Xabier Cordal, María do Cebreiro, Manuel Outeiriño, Anxos Romeo e Chus Pato.

- Chus Pato (Ourense, 1977) tematiza a necesidade do autocoñecemento recuperando o silenciado e o utópico e reclamando a liberación política e persoal. Na súa obra preséntanse desde poemas monoversais a outros que ocupan varias páxinas, pasando por estilemas, dous versos compostos dunha única palabra ou frase de carácter moi efectista. Escribiu *Urania* (1991), *Nínive* (1996), *m-Talá* (2000), *Hordas de escritura* (2008), na que se aprecia a mestura ou hibridación de xéneros, etc.

#### Poetas e tendencias actuais máis relevantes

Abranguer todos os poetas existentes na actualidade é imposible nesta unidade e a falta de perspectiva que provoca a proximidade no tempo só permite presentar algunhas tendencias comúns e algúns nomes destacados que acompañan hoxe en día aos autores anteriores, dos que xa se mencionaron as últimas publicacións.

O Rio galaico só social agoirO	madagascar lalín namibia ortigueira chad mondoñedo guiñé
O sono é o nosO. O rumor é ver o MurO,	bissau cambados costa de marfil monforte Senegal
e é	corcubión burundi mondariz zambia camariñas malí guitiriz
O son nosO	Camerún a estrada gabón cerdedo etiopia ribadavia níxer
Sol, uces, edras e pesar de séculoS.	negreira mauritania boimorto serra leoa tomiño lesoto
E	becerreá libia a fonsagrada Somalia trasmiras kenia arzúa
O río galaico, só social agoirO.	congo xinzo sudán rianxo liberia soutomaioir togo forcarei
	ghana laza zaire melide tanzania mos Uganda santa comba
Gonzalo Navaza. A torre da derrotA.	angola vilardevós alto volta a lúa ponse saharai en vigo
	hostia en dios cristo en biafra

Antón Reixa. Historias do rock-and roll.

### Unha fotografía

Desfolla o calendario un ano dos sesenta,  
Cando sucede a escena sinxela, familiar:  
A mesa recollida, ó acabar de xantar  
E o branco do mantel que espella unha luz lenta.  
Estamos todos xuntos, dispostos a falar  
Das cousas que se perden: a morte violenta  
Na estrada dun rapaz a irmá maior comenta.  
Na tregua silenciosa case se escoita o mar.  
Ese denso silencio anticipa a sorpresa:  
Dun volume de coiro que aparece na mesa  
O pai le a Rosalía como dando a lección.  
A pena do emigrante que chora na canción,  
Escoito engaiolado, coa miña ollada acesa  
Sen saber que o que atopo é a miña vocación.

### Meu meniño, cando chegues

Meu neniño, cando chegues  
que o arco da vella estenda  
o seu grande abrazo de cores  
e te anuncie.  
Que enmudeza o vento e sexa  
apenas leve airexa de cóxegas  
xogando no teu pelo.  
Os bosques profundos dos que xorden as  
pegadas dos teus pasos sen eco  
fagan máis pura e solemne  
a gravidade do silencio.  
Que cante o merlo nos pomares  
da mesma horta  
que me regalou a infancia.  
A ferida translúcida do día  
a súa redonda e plena copa  
de fragancia ofrezca.  
Que o murmurio das fontes  
se adelgace  
coma cristal de íntima ocarina,  
e que a sinfonía da chuvia calada  
caendo sobre a herba,  
como a distante cantiga  
que a avoa campesina me cantaba  
o máis doce arrollo sexa  
berce de amor para o teu sono.

Xulio I. valcárcel, O sol entre os dedos (1993)

### Miña nai traballa nunha fábrica de conservas

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas. Un día  
miña nai díxome: o amor é unha sardiña en lata. ¿Ti  
sabes como se preparan as conservas en lata?  
Un día miña nai díxome: o amor é coma unha obra  
de arte en lata.]

Filla

¿sabes de onde vés? Vés  
dun viveiro de mexillóns  
en lata. Detrás da fábrica, onde podrecen  
as cunchas  
e as caixas de peixe. Un fedor imposible, un azul que  
non vale. De alí vés.

Ah! dixen eu, entón son a filla do mar.

Non.

Es a filla dun día de descanso.

Ah! dixen eu,

son a filla da hora do bocadillo.

Si, detrás, entre as cousas que non valen.

Luisa Castro, Baleas e baleas (1988)

### Pervivencia no tempo

Se cando a morte pálida me apañe  
deixo no mundo un pouco de memoria,  
eu quero que o teu nome me acompañe,  
se che pode servir dalgunha gloria;  
e se labro estes versos co teu lembro  
contra da cinza, a corrupción e o lodo,  
é que eu non quero crer que aquel setembro  
acabase pra sempre xa con todo.  
Ben sei, ben sei, canté que non soubese,  
que a vida acaba cando o sangue calla,  
pero quizá a memoria nos puidese librar,  
se non da morte, da mortalla;  
e se así for, e após da morte eu brillo,  
saiban que eu fun quen son por ser teu filio.

darío X. cabana, Canta de cerca a morte

### Lingua que rexeitaron os meus pais

Borraron os letreiros dos camiños  
e os ben amados nomes das antergas vilas,  
dos silabarios das escolas algareiras  
borraron o cantar humilde e puro  
da lingua popular.  
Sóio no escuro das lareiras  
no apartado silencio dos labregos labios,  
esquecida das espadas poderosas,  
borboriñaba a nosa lingua triste.  
Aferrollada coma unha delincuente.  
As maos sen calos do traballo,  
requintadas e doces, relixiosas,  
enfeitadas co ouro dos aneis  
roubados á suor dos pobres  
empurraron a lingua noble e pura  
a un cadafalso de vergoñas.  
Meus pais, tamén, amados ignorantes,  
obedeceran as ordes que o espadón

deborcara na poza de Galicia.  
E, agora, veleiqué a xenreira xusta  
dos mozos nobres e libertadores  
tirando do pescozo da aforcada  
o barazo inxusto, o odio da canalla.  
Inda folguexas, noiva bela,  
inda tes verbas na túa gorxa magoada,  
foguetes de carraxe pra cuspirles  
ós donos madrileños do billete,  
da espada e maila cruz.  
Inda tes folgos, lingua enxebre,  
nos teus labios de moza asoballada,  
lingua dos meus limiaos, dos meus antergos,  
inda tes folgo para bica-los meus ensoños.  
Estás agora viva nos meus beizos fondos,  
estás agora viva nos meus dedos de home  
e acariñando vou teu corpo rebrincante  
que ten ás de bolboreta ñas palabras.

Antón Tovar, Calados esconxos (1980)

### Ás veces digo amor

Ás veces digo amor  
e só teño silencio  
ás veces digo patria  
e sei soamente que esta é a terra que nos deron  
e nela asento os meus pasos para sempre  
sen máis preguntas ensarillando o vento  
ás veces digo amor  
e ninguén fala  
e segue o tempo caendo lentamente  
medido polo espasmo do reloxo  
e ti pasas  
sen mirar      sen me mirar  
como un fantasma enviso      aqueloutrado  
sen me ver  
e sigo un pouco máis  
calada  
levo o selo do teu desleixamento sobre os beizos  
e sinais no meu brazo da túa ausencia  
levo o rostro mancado e os dentes malferidos  
de tanto afastamento  
ás veces verto os ollos sobre a terra  
miro de esguello a fiestra do suicida  
repito amor  
e só ecoa o silencio no baldeiro.

Pilar Pallares, Sétima soidade (1983)